




# Que se conmemora o 25 de Novembro?

En 1999, a ONU estableceuno como o **Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres**, en

conmemoración das irmás María Teresa, Minerva e Patria Mirabal; tamén coñecidas como 'Las mariposas'.




Foron loitadoras e activistas, parte da resistencia contra a ditadura de Trujillo, na República Dominicana.



Polo seu compromiso na loita contra a represión, o ditador obsesionouse co activismo de

Minerva, ordenando,  
finalmente, o seu asasinato o  
25 de novembro de 1960.



Ao contrario do  
que o ditador  
esperaba, o seu  
asesinato causou unha  
gran repercusión no país,  
**contribuíndo a espertar  
a conciencia social** e a  
resistencia contra a  
ditadura, precipitando  
o seu fin pouco  
tempo despois.  
Desde entón, **a  
bolboreta é un  
símbolo que  
representa a loita  
das mulleres.**

